




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Nigrán ao norte, Baiona ao sur e unha franxa ao sureste en Gondomar. Parroquias: San Pedro da Ramallosa en Nigrán; en Baiona, de oeste a leste, Santa Mariña de Baiña, Santa Cristina da Ramallosa e San Lourenzo de Belesar; e San Martiño de Borreiros en Gondomar. Extensión: 6,93 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Amplio esteiro situado entre a punta da Ermida de Santa Marta e o Monte Lourido. Na súa fronte costeira destaca a longa praia Ladeira desenvolvida a xeito de frecha areosa que pecha parcialmente a desembocadura do Río Miñor, configurando no seu interior unha extensa chaira intermareal e área de marisma. A chaira costeira esténdese principalmente cara ao sur seguindo a cunca baixa dos ríos Guillade e da Groba que formaron senllos vales de dirección xeral S-N, de pendente suave sobre un substrato xistoso. O límite occidental da unidade está situado na aliñación montañosa granítica dos montes Ponte do Pombal e Granxa da Tomada, marcada por unha densa fracturación que aproveita a rede fluvial para configurar os vales de cabeceira principalmente do Río Guillade. Inclúe o EIX Frecha areosa da Ramallosa.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Esta unidade caracterízase por presentar importantes depósitos cuaternarios asociados ao río Miñor e á súa desembocadura. O substrato granítico de afinidade alcalina sobre o que se asenta a unidade, está atravesado por unha banda de rochas metamórficas do Complexo Cabo Home - A Lanzada que vai dende Monte Lourido ata o bordo meridional da unidade. Sobre esta banda obsérvanse depósitos coluvio-aluviais asociados aos vales dos arroios da Groba e de Guillade; mentres que o río Miñor presenta varios niveis de socalco ao longo do seu leito, e unha zona de depósitos de limos nas proximidades da zona do esteiro da Ramallosa. Ademais, os depósitos cuaternarios de áreas deste sector da Ría de Baiona, deron orixe á praia de Ladeira.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A franxa costeira do esteiro pertence ao dominio climático Cálido e Húmido definido por temperaturas medias anuais superiores a 15° C e precipitacións acumuladas de entre 1200 mm e 1400 mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual ao redor de 13° C. Non obstante, a vertente sudoccidental da unidade, ladeiras do monte Pedregoso, recibe maiores precipitacións que aumentan coa altitude, polo que este sector se inclúe no ambiente Cálido e Moi Húmido, cun rango de precipitacións medias entre 1400 mm e 1800 mm anuais.

OS SOLOS

Unidade de esteiro na que teñen grande importancia os incipientes solos costeiros relacionados co rango mareal e a dinámica sedimentaria fluvio-mariña. Pola súa extensión destacan os solos lamacentos tipo sapropel e cara ao interior os estadios evolutivos posteriores asociados ás áreas de marisma do tipo fluvisol sálico e tiónico, especialmente na Ramallosa. Tamén hai que mencionar os arenosoles da frecha areosa de Praia Ladeira e a crecente presenza de antrosoles debido á presión urbanística. Os vales que verten á enseada, de dirección sur-norte, teñen pendentes suaves que favorecen o desenvolvemento dos solos, dando lugar a cambisoles dísticos de aptitude agropecuaria. Tan só o extremo occidental da unidade presenta solos menos evolucionados e de escasa profundidade do tipo umbrisol dístico-léptico debido ás pendentes máis acusadas estando cuberta sobre todo por masas forestais.


AS AUGAS

O complexo do esteiro da Ramallosa, na desembocadura do río Miñor, é o elemento máis destacado da caracterización hidrográfica na unidade. Forma un complexo de marisma nas Augas de Transición 20466 ás que, ademais do mencionado río, chegan outros leitos fluviais como os arroios de Guillade e da Groba.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas. O sector intermareal, dunar, e a liña de costa conforman o LIC A Ramallosa. Unidade de esteiro que presenta diferentes valores ecolóxicos na súa fronte costeira. Aos chairas lamacentas e/ou areosas submareais superficiais e intermareais (hábitats 1110 e 1140, que roldan as 50ha), súmanse as marismas (grupo 13 unhas 6 ha) e as degradadas dunas da frecha da Ramallosa (grupo 21, dunas marítimas atlánticas). Ao interior, o principal patrimonio natural vén da man do Río da Groba e, en menor proporción, do Río Guillade. Ambos os dous presentan masas ripícolas descontinuas (91E0). A iso hai que sumar numerosas pequenas agrupacións de frondosas en proceso de recolonización a partir de campos abandonados e límites vexetados de terreos. As partes máis elevadas posúen un denso monte alto de repoboación que non permite o desenvolvemento de formacións autóctonas de interese.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade atópase dividida polo esteiro do Río Miñor xerando un espazo compartimentar que, non obstante, presenta o mesmo tipo de aproveitamento en ambas as dúas beiras. O espazo costeiro, nos arredores da praia de Ladeira, atopa totalmente urbanizado ao ser este un lugar de costa de xa antiga tradición turística. A zona occidental, máis ampla, contén unha maior variedade de aproveitamentos entre os que destaca o grande espazo central ocupado na súa maioría por campos de labor entre os que se intercalan parcelas cubertas de matogueira e pequenos retallos de antigos bosques de ribeira. A parte sudoccidental, máis abrupta ao coincidir cos contrafortes da Serra da Groba, atópase cuberta por bosques mixtos nos que se alternan os eucaliptos cos piñeiros. A costa está dominada polo areal de Ladeira que se estende sobre unha magnífica frecha areosa hoxe en día totalmente urbanizada pola presenza dun cámping.

MORFOLOXÍA

Os asentamentos orixinais localízanse no espazo interior da unidade, lonxe da costa, e aínda hoxe en día mantefien a estrutura nuclear propia das aldeas de Galicia tal e como se aprecia no núcleo de San Lourenzo de Belesar ou no de Urgal. Pola contra, na costa predomina unha estrutura lineal na que as edificacións en altura se anexionan as unhas ás outras formando un continuo urbano, paralelo á costa e situado nas marxes da C-550 en dirección Baiona, no que cómpre destacar a presenza do asentamento orixinario da Ramallosa (considerado núcleo de identidade del litoral). Entre ambas as dúas, nos sectores intermedios, sitúanse as vivendas unifamiliares que poden aparecer illadas ou formando urbanizacións e que se estenden cara ao interior seguindo as estradas de ámbito local. O parcelario caracterízase polo pequeno tamaño das explotacións pero, a pesar do cal, permite que parte da súa produción estea destinada á comercialización e parte ao autoconsumo, dadas as excelentes condicións de fertilidade do solo sobre o que se asentan.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada PO-325 únese á C-550 ao paso polo esteiro do Río Miñor converténdose nunha vía de comunicación fundamental en todo este espazo litoral. A partir dela xorden varias estradas provinciais que se dirixen ao sur remontando o val do río, o que permite comunicar a costa cos espazos interiores. Non obstante o intenso desenvolvemento turístico da zona fixo necesario a creación de vías de alta capacidade co obxecto de aliviar o sistema viario local. Para este efecto xorde a A-9, con comunicación directa á AP-9, que contribúe de xeito significativo a desconxestionar o tráfico rodado que chega a esta zona, especialmente durante a época estival.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nos contrafortes da Serra da Groba, cara ao oeste, abundan os restos arqueolóxicos, produto do paso por estas terras de numerosos pobos que atoparon aquí as condicións ideais para establecerse. Destacan numerosos petroglifos (A Puexa, Outeiro dos Lameiros, Regueiro da Retruca, ou Grichouso) e os restos de antigas construcións, como o castro do Coto. Ademais existen numerosas mostras de antigas prácticas mineiras como as explotacións de Morade e Insuas. Destaca tamén a presenza da igrexa de Santa Cristina da Ramallosa e a igrexa de San Lourenzo de Belesar como importantes mostras de arquitectura relixiosa presentes na unidade. A entrada desde A Ramallosa esconde unha fileira de edificacións e construcións tradicionais nas rúas paralelas á carretera principal, como casas, poentes, hórreos e cruceiros.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Na paisaxe desta unidade conviven dous espazos de características contrapostas. A costa, caracterizada pola intensa urbanización derivada da tradición turística da vila de Baiona. A periferia de Baiona recibe a presión de edificacións manifestada nun continuo construído ao longo das estradas de acceso á vila. No interior, mantéñense os trazos propios do rural con presenza de aldeas, xunto ás que se localizan grandes extensións de espazos agrícolas activos, cuxo sistema de produción se caracteriza polo pequeno tamaño das explotacións. Así pois, defínese unha paisaxe con marcados contrastes entre a costa e o interior.

DINÁMICA DA PAISAXE

Dende mediados do século pasado e en especial dende finais do século XX van xurdindo gran número de novas edificacións de uso residencial e turístico ocupando as inmediacións da ribeira do mar, que van desprazando. Á par que ía crescendo o número de vivendas ían desprazando os usos tradicionais, quedando estes relegados ás terras interiores.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Este espazo está presidido polo excelente complexo areoso da praia de Ladeira e a extensa chaira intermareal e área de marisma que se configura. Caracterízase polo carácter turístico do lugar, que xerou unha paisaxe moi construída, de expansión paralela á costa, densificando as cotas baixas e chairas e entre as que se conserva a zona central, incluída en Rede Natura 2000, ou a frecha areosa de Ladeira, que ten comprometidos os seus valores naturais pola instalación turística que alberga nas súas inmediacións. Dende o Outeiro de Lameiros contéplase unha ampla panorámica de toda a unidade. Destacan os puntos de observación de Belesar e A Groba-O Galiñeiro que están fóra do ámbito de xestión pero incluídos dentro do ámbito de estudo do POL.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



